

20  
10

DIA DAS LETRAS GALEGAS

UXIO

NOVONETRA





# Uxío do Courel

**Xulio Valcárcel**

■ Nunca se foi do Courel. Pouco importa que residise temporalmente en Madrid, en Lugo, que botase anos en Compostela cando xa o mito devalara e aprendices de poeta iconoclastas ameazaban matar freudianamente ao pai e facer a “concentración parcelaria” (enténdase á conta dos “Eidos”).

Uxío Novoneyra sentía nevar no Courel, por lonxe que estivese, e sentía decote, porque o levaba dentro, o marmurio das augas, o sobresalto das loiras, o silencio da serra interrogado. Novoneyra soubo interpretar coma ningún a imponente da natureza, a mensaxe que dicta a montaña a través dunha linguaxe que cómpre entender e que só se fai intelixíbel a quen sabe escoitala.

A serra, “inmensa, antiga herdanza”, transmite a quen a contempla afondando no seu enigma, a conciencia da pequenez humana, latexo fugaz entre dúas nadas. Non obstante, esa mesma conciencia permite a integración na natureza, nun tempo cósmico no que nos fundimos e confundimos, e somos auga, vento, pedra.

Nesa paisaxe conscente e pensada atopa Uxío o seu filón lírico. Unhas veces ao cantala directamente (“Os Eidos”), outras na distancia, cando a ausencia vólvese perda, desposesión (“Elexías do Courel e outros poemas”).

Arrincado do soporte físico, o poeta fica desnortado, confuso (así llo confesa ao moucho da alameda luguesa, “...nós non somos para vivir eiquí. Os dous viñemos de lonxe e tornaremos outra vez para aló, onde o noso misterio se acaí”). Desde ese autoextrañamento percibirá con nidez abismal a magnitude do perdido e do que se perderá. Olladas, reflexións, cara á fóra nos “Eidos”, cara adentro nas “Elexías”, que sendo suxestivas son máis esperables.

A maior orixinalidade, pola “visión” e polo tratamento, está nos “Eidos”. Superando ao seu mestre Noriega Varela, Uxío transcende o paisaxístico e adéntrase

**Superando a Noriega Varela, transcende o paisaxístico e adéntrase no filosófico e metafísico**



✂ Novoneyra fixou na lingua dende a poesía unha morea de vocablos, termos e locucións típicamente coureláns tentando preservalos

no filosófico e metafísico. Novoneyra é tamén un poeta social que denuncia a inxustiza e a miseria moral e cultural do ermo franquista.

A tradución de catro poemas de Mao, que el adapta á nosa realidade e que podemos ler en clave revolucionaria; a espléndida “Lentía de Galiza” que escribiu estando convalecente (solicitou papel e pluma coa idea de facer unha cantiga e saíulle un poema coral, envolvente e litúrxico), o seu amado “Vietnam canto”, ao que se refería a miúdo, aínda que nós non compartamos o seu entusiasmo, demasiado enfático, máis visual e efectista que “verdadeiro”, son as achegas primordiais neste campo, a carón de textos breves pero definitivos, como “Galiza, será a miña xeración quen te salve? Irei un día do Courel a Compostela por terra liberada? Non, a forza do noso amor non pode ser inútil”.

Palabras, versos que se converteron en sinais referenciais, empregados unha e outra vez en pasquís, panfletos e pancartas, por máis que a historia, obstinada, non permitise o soño e siga “ocupada” Compostela e esmoreza

**En Novoneyra é tan importante o que se cala como o que se dí, o que se expresa como o que se suxire**

dramaticamente o Courel, “onde só queda alguén para aguantar dos nomes”.

Velaí como en “Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas”, publicado o mesmo ano da súa morte, 1999, Uxío fai un inventario de vocablos, termos, locucións típicamente coureláns, a fala herdada de avós e pais e todo un universo de costumes, ritos, valores, que el recolleu con amoroso coidado, tentando preservalos.

Diante unha lingua ameazada, unha cultura esmorecente e unha terra desertada, Novoneyra ofrece a palabra conscente e lúcida, suxestiva e salvadora.

Concentración, esencialidade, intensidade, son características que definen a súa obra, non moi

extensa, sucesivamente refeita e refundida en varias re-edicións. Palabra espida e cargada, na que nada sobra pero na que pode faltar algo, hermética, minoritaria dentro da minoría, que require esforzo por parte do lector para entrar nela, para descubrila na súa polivalencia, na súa pluralidade de contidos, rexistros e significados.

En Novoneyra é tan importante o que se cala como o que se dí, o

que se expresa como o que se suxire. Se quixésemos buscarlle un correlato no reino animal poderíamolo identificar co lobo, ao que cantou, pola súa independencia, a súa liberdade indómita e senlleira, nunca claudicada. Pero tamén co oso, corpulento e afábel, ese último oso que seica anda estes días pola serra do Courel, quen sabe se será o propio Uxío regresando, entre a nevisca, á súa casa de Parada!.



✂ Novoneyra, con García Cabezón, Xulio Valcárcel e Fernán-Vello na presentación en A Coruña de “Poemas de doada certeza”